

atopan tamén grandes acertos, como a boa dosificación da intriga e a coherencia entre a estrutura en forma de actos teatrais e o motivo fundamental do libro: a existencia como representación ■ **Inma Otero Varela**

## O azar e a necesidade

A VERDADE SOBRE MARIE  
JEAN-PHILIPPE TOUSSAINT

Editorial Galaxia | 2011 | 148 páxinas



**A** editorial Galaxia, que xa nos agasallara aos lectores en galego cunha entrega anterior de Jean-Philippe Toussaint (*Fuxir*), presentou en xullo de 2011 esta obra da que agora falo, *A verdade sobre Marie*, que dalgún xeito é continuación da anterior. Cando falo de continuación non me refiro exclusivamente a que algunhas localizacións (a illa de Elba, Tokio) xa estivesen presentes na entrega anterior ou que algunhas personaxes estivesen tamén en *Fuxir*, senón a unha continuación estilística, tan recoñecíbel nesta etapa da carreira do autor.

Experimentei unha primeira lectura de *A verdade sobre Marie* poucos meses despois da súa aparición no mercado francófono e conseguíu engaiolarme do inicio á fin. Tan

caros como somos os biólogos, dende Jacques Monod, aos principios do azar (na base das mutacións xenéticas) e a necesidade (adaptación dos organismos vivos ás situacións cambiantes no ecosistema), quixen ver neste libro un compendio das dúas características que definen a vida e a evolución dos organismos vivos. Son analoxías que un vai construíndo co tempo e que actúan como hipóteses de traballo, que logo cómpre demostrar como axeitadas ou refutar como espurias. Afástome así claramente dos camiños trazados pola crítica literaria, que son máis analíticos e menos intuitivos, máis ríxidos e menos abertos a asociacións inauditas.

Azar, puro azar é a escena que abre o libro. Unha parella de tempo separada recentemente, mais que conserva aínda unha querenza biunívoca, está pasando a noite con cadanseu amante. Ata aquí unha escena típica das parellas que veñen de se separar e procuran aventuras sexuais para encher o tedio que os asalta (como se da letra dun bolero se tratase, onde un membro da parella declara non concibir a vida sen o outro). O azar leva a que o amante dela (de Marie) sufra un infarto en pleno acto sexual, o que dá oportunidade a unhas descrições detalladas do baile (desenvólvese como un número de ballet contemporáneo) dos membros do equipo médico que acode en auxilio do doente con equipo de resucitación incluído. A comunicación entre os amantes, as descrições minuciosas, ese París en inverno, de chuvía omnipresente, de cidade cosmopolita para os visitantes ocasionais, mais terriblemente próxima en todos os seus accidentes (ecosistema coñecido, nichos perfectamente delimitados) para os residentes habituais. Todo iso configura unha pasaxe diríamos que extremadamente cinematográfica, coma se estivesemos repasando o *story board* dun filme que Toussaint ten en mente e que vai deseñado con trazos precisos: unha especie de escritura en planos, con enfoques, con *travellings*, cos inevitábeis saltos temporais en *flash-back*, coa posibilidade tan cinemato-

gráfica mais raramente explotada nos filmes actuais de accións simultáneas. En definitiva, o azar narrado cos recursos dun filme de acción.

E do azar pásase na segunda parte á explicación dos antecedentes do azar, coma se Toussaint quixese indicar que nada acontece porque si, senón que hai unha causalidade, unha conxunción de parámetros que levan á inevitabilidade da “mutación”, ao determinismo do tránsito, á fatalidade da ruptura e, como se verá, á inevitabilidade dunha nova etapa nas vidas dos protagonistas. Do azar á necesidade, puro determinismo. Aparece agora Tokio, tan caro a Toussaint, que poderíamos denominar moderadamente orientalista (no senso de engaiolado polas maneiras e pola filosofía oriental). *Flash-back* que inclúe outros *flash-backs*, coma se estivesemos diante dunha narración en boneca rusa e ao mesmo tempo deixando algúns cabos soltos, esfañados, só intuídos coma se estivesemos tamén diante dunha boneca xaponesa, unha *naruma*, que leva un só ollo pintado (boneca birolla) e non estará rematada (co segundo ollo pintado) ata que o condutor da historia e propietario da boneca non llo pinte (constatación subjectiva de que o obxectivo que o levou a escribir esta novela está realmente acadado, ou sexa, ata que se consume a “mutación”). É aquí onde a forza cinematográfica da prosa de Jean-Philippe Toussaint acada momentos estelares, por exemplo naquela en que un cabalo purosangue foxe a galope tendido polas pistas do aeroporto de Narita ou aqueloutra que relata as mil vicisitudes para cargar o cabalo na bodega do Boeing 747 de transporte.

E finalmente, na terceira parte, a necesidade, remate estilístico admirábel, concatenación de circunstancias e sucesos que levan á traca final, o amor redescuberto (o que pecha o círculo con *Faire l'amour*, antecedente primeiro desta novela). O remate estilístico é o incendio na illa de Elba, onde arden as cortes dos cabalos, onde arde o bosque e arden as últimas empalizadas que separaban os amantes. As páxinas da descrição

do incendio constitúen unha delicia para os sentidos. Sentín calor, sentín as lapas medrando, galgando dunha árbore a outra, o recendo de carne de cabalo queimada, o rinchar das bestas e a desesperación dos coidadores, o fume que invadía o cuarto onde eu lía ás refoleadas, imaxinando cada movemento do lume, cada avance das lapas, cada xesto de impotencia diante da traxedia presentida. *Flash-back* emocional que dalgún xeito convida a visitar as páxinas dedicadas en *Fuxir* a esta mesma illa de Elba, cando Marie cabalgaba na procesión do enterro do seu pai. Outra vez o enfoque, o *trailer* que revive accións pasadas, a visión mirífica.

Todo isto que lles contei adobiado con humor belga (si, existe e ten as súas características que lles convidado a descubrir, por exemplo na rocambolesca historia do tráfico do cabalo nas alfándegas xaponesas), con esas pequenas sorpresas, do inesperado na trama, con esas digresións ou ensoñacións reflexivas, que actúan como as pingas de licor de Angostura nos cócteles, que non se sabe que fan alí mais que se botarían en falta se non estivesen, con esas descricións minuciosas (tanto do que acontece ou se describe como dos sentimentos, prolixamente facetados, sobre todo cando se fala das reviravoltas da personalidade de Marie), os xogos de probabilidades, ese estilo tan novo *nouveau roman*, que semella que estamos diante dun Robbe-Grillet de segunda xeración, dunha versión 2.0 daquelas novelas tan cinematográficas que nos engaiolaban na nosa adolescencia.

Como tiveren oportunidade de ler o orixinal francés e agora, en segunda lectura gozosa, a tradución ao galego de Carmen e María Dolores Torres París, estou en situación de xulgar o seu traballo, que considero notábel, como xa o fóra na tradución de *Fuir*, antecedente xa referido deste *A verdade sobre Marie* do que aquí lles contei a miña opinión de amator ■

**Xavier Queipo**